



**XUNTA
DE GALICIA**

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CEP LOIS TOBÍO DE VIVEIRO

Tel/Fax : 982870942/982870943 E-mail cep.lois.tobio@edu.xunta.es

WEB : <http://centros.edu.xunta.es/cepluistobio/>

PLAN DE

ATENCIÓN Á

DIVERSIDADE

CONSIDERACIÓNS TEÓRICAS

A LOMCE na sección cuarta, “**Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe**”, no artigo 79 bis, “**Medidas de escolarización e atención**”, expresa literalmente:

1.- Corresponde ás Administracións educativas as medidas necesarias para identificar o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe e valorar de forma temperá as súas necesidades.

2.- A escolarización do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

3.- A identificación, valoración e intervención das necesidades educativas deste alumnado realizarase da forma máis temperá posible nos termos que determinen as administracións educativas.

Por outra parte, o **Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, sinala textualmente:

* “A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade de cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das peculiaridades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e a súa preparación para convivir e participar de forma autónoma nunha sociedade democrática.”

* “Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.”

* “O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada as súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a

totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado considerado con necesidade específica de apoio educativo deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Trátase dun Centro de Educación Primaria creado no ano 1998 e que consta actualmente de 16 unidades e aproximadamente 300 alumnos.

Profesorado:

- Mestres titores de E. Primaria.....16
- Mestres especialistas de Educación Física.....2
- Mestres especialistas en L. Inglesa.....3
- Mestres especialistas en Música.....1
- Mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica.....1
- Mestres especialistas en Audición e Linguaxe.....1
- Mestres de Relixión1
- Xefa do Departamento de Orientación.....1

No centro desempeñan tamén a súas funcións unha Auxiliar Técnico Educativo e unha Intérprete de Lingua de Signos.

O centro está adscrito ao I.E.S. Vilar Ponte e conta cun centro adscrito que é a E.E.I. San Roque.

O alumnado do centro é de procedencia moi variada: centro da vila, arredores da zona escolar e doutras parroquias do concello. A maioría dos alumnos/as incorpóranse ao centro para cursar 1º curso de Primaria, procedentes de E.E.I. San Roque.

A nivel sociocultural atopamos unha gran diversidade: fillos de empregados, de profesionais liberais, de mariñeiros, de agricultores, de autónomos e un numeroso grupo de etnia xitana. Por outra parte, hai un número bastante elevado de alumnos inmigrantes; a maioría son de orixe hispanoamericano pero tamén contamos con algún alumno árabe e varias alumnos rumanos e un chino. Ademais, hai que sinalar a existencia dalgún alumno dun centro de acollida de menores dependente da Consellería de Familia.

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A diversidade da poboación escolar obriga á adaptación aos diferentes ritmos de aprendizaxe das alumnas e dos alumnos. Esta atención diversificada debe ser efectuada para todo o alumnado no ámbito da actuación habitual dos equipos educativos, tendo sempre presente que cada alumna e alumno é diferente, ten unhas necesidades propias e unha realidade persoal e social. Esta diversidade do alumnado en canto a capacidades, intereses, motivacións e circunstancias persoais e socioculturais obriga a que teñamos que dar respostas diversas ante estas diferencias, o que requerirá unha serie de actuacións pedagóxicas, curriculares, organizativas e de utilización dos materiais e recursos para tratar de adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás características particulares de cada alumna e alumno.

A resposta iráselles proporcionando día a día acomodando o proceso, flexibilizando a metodoloxía e utilizando variadas formas e instrumentos de avaliación en función de posibles necesidades.

OBXECTIVOS

- Posibilitar a prevención e detección temperá das dificultades do alumnado no seu desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe.
- Facilita-la integración dos alumnos e alumnas no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Contribuír á personalización dos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades educativas, co obxecto de proporcionar as respostas educativas pertinentes.
- Fomentar no grupo de alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas no seu entorno sociocultural e natural.
- Favorecer no alumno o coñecemento e aceptación de sí mesmo, así como a autoestima..
- Desenvolver liñas comúns de acción no marco do proxecto educativo de centro.
- Canalizar a participación de aquelas entidades públicas que colaboran nos procesos de escolarización e de atención educativa a aqueles alumnos que presentan determinadas necesidades educativas.

ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.- MEDIDAS ORDINARIAS

1.1.- ATENCIÓN XERAL

Para atender as demandas expresadas anteriormente, os mestres deben utilizar estratexias diversas dende a súa actividade diaria:

- Establecer uns mínimos para todos os alumnas e alumnos.
- Propor tarefas de reforzo para o alumnado que o necesite.
- Propor tarefas de ampliación para o alumnado máis rápido e que remata antes as tarefas, tendo en conta as súas necesidades e os seus gustos.
- Respetar o ritmo de traballo e aprendizaxe dos alumnas e alumnos máis lentos tanto na actividade diaria da aula como nos instrumentos de avaliación (eliminar actividades repetitivas ou pouco significativas, adaptar as actividades...)
- Dar resposta ás necesidades de tipo persoal e social (encargo de responsabilidades que favorezan a autonomía, autoestima equilibrada e realista...)
- Propor actividades amplas con distintos niveis de dificultade, utilizando materiais e recursos diversos sen limitarse ao libro de texto e buscando outros recursos alternativos.
- Dentro do marco da acción titorial, o titor/a deberá coñecer a fondo a situación persoal de cada un das súas alumnas e alumnos e reflexionar sobre as súas necesidades educativas coordinándose co resto do profesorado dese grupo en todo o que puidera ser necesario.

1.2.- PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Esta medida de atención á diversidade afecta aos elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliacións, á organización da aula e a todo o incluído no ámbito da metodoloxía.

O profesor titor ou de área pode deseñar medidas de reforzo dentro da propia aula para desenvolver con aqueles alumnos que amosan dificultades no seguimento da programación tanto por exceso como por defecto (actividades de recuperación ou

de ampliación). Poden afectar á metodoloxía, a ctividades, a formas e instrumentos de avaliación... Estas medidas desenrolaranse na aula ordinaria sen a intervención doutros profesores de apoio, anque o profesor que as leva a cabo pode demandar o asesoramento doutros profesionais (profesores especialistas de P.T. e A.L., orientadora).

Esta actuación deberá estar recollida nun programa individual de reforzo elaborado polo profesor que o leva a cabo.

Reflectirase como “**RE**” nos seguintes documentos de avaliación: Expediente académico, historial aacadémico, actas de avaliación e boletín trimestral de información ás familias.

1.3.- REFORZO PROPORCIONADO POR PROFSORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

Os mestres con dispoñibilidade horaria poderán realizar apoios dentro doutras aulas cando existan necesidades educativas que así o requiran. Neste caso atenderán aos alumnos que os profesores-titores ou de área consideren pertinente; agás aqueles casos en que se destinen expresamente eses apoios a alumnos concretos con necesidades educativas relevantes.

En casos excepcionais, consensuada a decisión polo Departamento de Orientación e os profesores implicados, ese apoio podería levarse a cabo fóra da aula. Neste caso dirixiríase a alumnos concretos e estableceríase de antemán as actividades a realizar.

Reflectirase como “**RE**” nos seguintes documentos de avaliación: Expediente académico, historial aacadémico, actas de avaliación e boletín trimestral de información ás familias.

Considerase prioritario que nunha mesma aula incidan o menor número de profesionais posible.

O cadro do horario con dispoñibilidade horaria determíno o Equipo Directivo.

1.4.- DESDOBRAMENTOS

Se existe dispoñibilidade horaria por parte do profesorado, poderase realizar un desdoblamento de grupos nalgunha área instrumental (Lingua Castelá, Lingua Galega ou Matemáticas). Neste caso outro profesor distinto do profesor de área impartirá a totalidade do horario correspondente a esa materia a un grupo reducido de alumnos (8 como máximo) que presenten maiores dificultades que o resto para seguir o ritmo de traballo e de aprendizaxe da aula ordinaria.

A programación será paralela á da aula e establecerase unha estreita colaboración co profesor da aula ordinaria.

A decisión da avaliación deberá estar consensuada co profesor de área.

O Equipo Directivo, o Departamento de Orientación e o profesor de área serán os que valoren que alumnos deben participar nese desdoblamento, que terá carácter flexible e revisarase trimestralmente na correspondente reunión entre os profesionais implicados.

Necesitarase a autorización explícita dos pais que serán informados dos cambios que se produzan.

1.5.- ALUMNADO EXTRANXEIRO

Os alumnos que se incorporen procedentes doutras comunidades españolas ou do estranxeiro como norma xeral, deberán recibir reforzo educativo para iniciarse na aprendizaxe da lingua galega. Este reforzo poderá realizalo calquera profesor con dispoñibilidade horaria e levarase a cabo fóra da aula ordinaria. Deste tipo de reforzo non é necesario deixar constancia nos documentos oficiais de avaliación.

2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

2.1.- APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU AUDICIÓN E LINGUAXE

Estas medidas de reforzo educativo estarán dirixidas a alumnas e alumnos que teñen certas dificultades de seguimento da programación diaria por exceso ou por defecto pero que non se apartan dos obxectivos xerais do curso polo que precisan modificacións nos elementos non prescriptivos do currículo para seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

A decisión de que unha alumna ou alumno reciba reforzo educativo será adoptada polo profesor-titor, a orientadora e outros profesores especialistas, se fose o caso, tras terse realizada a correspondente valoración ou avaliación psicopedagóxica por parte da orientadora. Esta decisión deberá comunicarse á Xefa de Estudos e ás familias que deben manifestar a súa conformidade. Celebrarase unha reunión na que participarán o profesor-titor, a orientadora e o pai/nai/titor legal para comunicar a recomendación pertinente. No caso de que a familia manifieste a súa disconformidade coas medidas de reforzo, deberá deixar constancia por escrito.

O profesor-titor informará ás familias sobre a evolución das medidas de reforzo adoptadas, as modificacións que se leven a cabo e a finalización das mesmas.

Ao finalizar cada trimestre celebrarase unha reunión de seguimento entre o profesor-titor, o profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, a orientadora ou calquer outro profesor implicado no reforzo educativo. Realizarase a avaliación do alumno nas áreas curriculares obxecto de reforzo, a súa evolución escolar, a pertinencia dos reforzos recibidos e a continuidade ou non desta medidas no seguinte trimestre. Os profesores participantes deberán aportar por escrito a súa valoración. Introdúzanse os reaxustes convenientes. Excepcionalmente, se a situación o require, poderán celebrarse esas reunións de seguimento cando se considere necesario.

Estas medidas de reforzo educativo reflectiranse nos seguintes documentos de avaliación como “**RE**”: expediente académico, historial académico actas de avaliación e boletín trimestral de información ás familias.

Tendo sempre como referente os principios de integración e normalización, o

profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe xunto coa orientadora establecerán e elevarán á xefa de Estudos a proposta de atención ao alumnado con necesidades educativas.

As pautas a seguir para a realización destes reforzos serán as seguintes:

- As profesoras especialistas de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica atenderán as intervencións máis específicas determinadas por elas mesmas xunto coa orientadora. Será unha atención individualizada ou en pequeno grupo (2 ou 3 alumnos con necesidades similares).

A especialista de A.L. reeducará preferentemente aspectos referidos á linguaxe e á fala. Estas sesións cando incidan en aspectos de recuperación e praxias articulatorias serán sempre individualizadas e terán unha duración de 30 minutos, agás que a orientadora e a propia profesora de A.L. decidan outra duración para un alumno concreto. Cando teña dispoñibilidade horaria atenderá outras necesidades nas áreas lingüísticas.

- Estas medidas de reforzo levaranse a cabo fóra da aula ordinaria.
- A profesora de A.L. se dispón de tempo pode desenvolver medidas de prevención durante o 1º trimestre no 1º curso de Primaria.
- Este reforzo só o recibirán as alumas e alumnos que contan co pertinente Informe de Orientación.
- O mestre que realice calquer tipo de reforzo ou apoio coordinarase co profesor de área para establecer os contidos a traballar, a metodoloxía... tendo sempre en conta as necesidades educativas recollidas no correspondente Informe de Orientación.
- Para realizar a avaliación dos alumnos que contan con reforzo educativo, o profesor de área deberá ter en conta a opinión das profesoras de P.T., A.L. ou outro profesor de apoio e da orientadora.

2.2.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Considéranse medidas de atención extraordinaria para o alumnado que non pode seguir o currículo ordinario.

Elabóranse previo informe psicopedagóxico da orientadora. Esta avaliación psicopedagóxica recollerá datos relevantes sobre a súa situación física, emocional, socio-familiar e o seu proceso de aprendizaxe.

Enténdese por adaptación curricular as modificacións dun ou máis elementos prescriptivos do currículo como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe (poderán ser reducidos, reaxustados, suprimidos, complementados, ampliados, adaptados, modificados) para atender as necesidades educativas do alumnado.

O referente para unha A.C.S. serán os contidos e estándares de aprendizaxe concretados para cada curso no Proxecto Curricular correspondente.

Considerarase a procedencia de elaboración dunha A.C.S. unha vez esgotadas as medidas de reforzo educativo e repetición de curso e aínda así, se a alumna ou o

alumno estivera moi lonxe de acadar os obxectivos propostos para ese curso.

Cando se prevexa que un alumno poida necesitar unha A.C.S. deberase celebrar unha reunión coordinada polo Xefe de Estudos, a que asistirán o profesor-titor, os profesores especialistas que imparten docencia no grupo-clase do alumno, os profesores de reforzo e a orientadora. Nesa reunión decidirase a pertinencia da elaboración da A.C.S. e as áreas a adaptar.

Será necesario o consentimento explícito dos pais.

A elaboración e desenvolvemento da A.C.S. levarase a cabo, na medida do posible, no contexto educativo da aula ordinaria. O seu desenvolvemento será función do titor ou profesor de área contando cos reforzos educativos que se estableceran.

As adaptacións, salvo casos excepcionais realizaranse para un curso.

Cando ao remate dun curso se prevexa que un alumno poida necesitar no curso seguinte unha A.C.S. deberase nese momento celebrar unha reunión para decidir sobre a procedencia da súa elaboración e realizar a primeira parte da mesma: información sobre características físicas, afectivas e sociofamiliares do alumno, nivel de competencia curricular e estilo de aprendizaxe, de cara a que o profesorado do curso seguinte dispoña de información suficiente para poder elaborar canto antes a proposta pedagóxica de adaptación curricular.

O documento de A.C.S. e o informe de Inspección educativa respecto a súa autorización formarán parte do expediente do alumno e terán carácter confidencial.

A avaliación do alumnado con A.C.S. farase en función dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos nela.

Esta medida quedará reflectida como “**A.C.S.**” nos seguintes documentos oficiais de avaliación: actas , expediente académico, historial académico de Educación Primaria e informe persoal por traslado. Tamén quedará constancia nos boletíns trimestrais de información ás familias.

Trimestralmente levarase a cabo o seguimento e avaliación da A.C.S. nunha reunión na que participarán os profesores das áreas adaptadas, os profesores de reforzo e a orientadora. Os profesores participantes aportarán por escrito a súa valoración.

3.3.- OUTRAS CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

- **Axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo**

A orientadora levará a cabo as seguintes actuacións:

- Información aos pais/nais/titores legais da convocatoria de axudas.
- Asesoramento e colaboración aos pais/nais/titores legais na tramitación destas axudas.

3.4.- OUTROS RECURSOS PERSOAIS

> COIDADORA

Intervirá con aqueles alumnos que teñen diagnosticadas, polos correspondentes servizos de orientación, necesidades educativas relevantes no plano de autonomía persoal e/ou mobilidade.

Establecerase un horario por parte do Equipo Directivo.

> INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS

Atenderá a aqueles alumnos diagnosticadas de discapacidade auditiva.

Se existe varios alumnos que necesiten esa intervención, repartirase equitativamente o número de sesións.

Esta profesional realizará a súa labor nas áreas que os profesores correspondentes consideren necesario.

4.- PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN INTERNOS

4.1.- PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os mestres dentro do marco da acción tutorial, realizarán un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado que permita a prevención e/ou detección de dificultades realizando os axustes precisos dentro da programación.

No caso de que as dificultades persistan, deberán solicitar a intervención do Departamento de Orientación cubrindo o impreso de solicitude e a folla de datos aportada polo mesmo informando á familia e recabando a súa autorización no caso de que se considere necesario realizar avaliación psicopedagóxica.

A orientadora realizará unha avaliación das necesidades e capacidades do alumna ou alumno elaborando, se é o caso, o correspondente informe de orientación.

4.2.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CO ALUMNADO PROCEDENTE DO EXTRANXEIRO E DE NOVA INCORPORACIÓN AO CENTRO

Como norma xeral, ao alumnado procedente do estranxeiro realizáraselle unha avaliación inicial no momento de empezar a súa escolarización no centro para poder adoptar as medidas organizativas e pedagóxicas pertinentes que dean resposta as súas necesidades educativas e posibiliten a súa adaptación persoal e escolar.

O Equipo Directivo informará á orientadora dos alumnos estranxeiros que se incorporen ao centro así como doutros alumnos que se matriculen procedentes doutros centros de Galicia ou doutras comunidades e no seu expediente figure algún informe de orientación ou se sinalen dificultades significativas de calquera índole para seguir con normalidade o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta información será transmitida tamén ao profesor-titor correspondente. O mesmo procedemento se seguirá cando se matricule algún alumno con materias sen superar do ciclo anterior.

Se se decide que unha determinada alumna ou alumno necesita atención específica (reforzo educativo), os profesores de P.T. e A.L. xunto coa orientadora establecerán e elevarán á xefa de estudos o horario de atención.

4.3.- PROTOCOLO DE ABSENTISMO

Aplicarase o “Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia” do 31 de xaneiro de 2014.

COORDINACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS

➤ Coordinación co I.E.S. Vilar Ponte

Asistencia unha vez por trimestre da orientadora á reunión correspondente do Departamento de Orientación do Instituto.

En xuño reunión dos profesores-titores de 6 curso, orientadora e profesoras de P.T. e A.L. coas homólogas do I.E.S. para facilitar o tránsito dos alumnos de 6º a 1º de E.S.O.

➤ Coordinación coa E.E.I. San Roque

En setembro celebrárase unha reunión entre os profesores-titores de 1º curso, P.T., A.L., orientadora e Xefa de estudos cos profesores de 6º curso de Infantil do curso anterior, P.T. e A.L. da E.E.I. San Roque par intercambiar información sobre os alumnos de 1º curso.

INTERVENCIÓN DE SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

1.- EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

No caso de alumnos con necesidade educativas relevantes o Departamento de Orientación pode decidir solicitar a intervención dos profesionais correspondentes do Equipo de Orientación Específico de Lugo.

Necesitarase a autorización dos pais.

A orientadora realizará o trámite de derivación.

2.- SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA DO CONCELLO

No caso de familias desestruturadas que nun momento determinado se valore

que pode ser necesaria unha intervención familiar pódese solicitar a intervención dos Servizos Sociais.

Tamén se pode solicitar a estes servizos apoio educativo fóra de horario escolar para alumnado de ambientes desfavorecidos ou minorías étnicas que presenten dificultades de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Os profesores-titores ou o Equipo Directivo identificarán a aqueles alumnos que poden precisar deste servizo e comunicaranllo á orientadora. Entre eles valorarase a pertinencia de efectuar a derivación e, se esta se leva a cabo, será a orientadora a que efectúe os trámites necesarios. Os profesores correspondentes deberán transmitir e deixar constancia por escrito da información requirida para avalar a petición de intervención.

No caso de que se solicite apoio educativo, será necesaria a autorización escrita dos pais.

Nos casos en que se leve a cabo algunha actuación os profesores-titores xunto coa orientadora e o Equipo Directivo (cando fose necesario) realizarán a coordinación necesaria cos profesionais dese servizo.

3.- OFICINA DE INMIGRACIÓN DO CONCELLO

No caso de alumnado procedente do estranxeiro e que presente desfase curricular ou descoñecemento das linguas de ensino poderáselle solicitar apoio educativo á Oficina de Inmigración.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

O profesor-titor e a orientadora decidirán a conveniencia ou non de solicitar esa intervención.

Solicitarase o consentimento escrito dos pais.

A orientadora realizará os trámites necesarios.

4.- UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ E SERGAS

No caso do alumnado que asiste a esa unidade pode ser necesario establecer contactos e intercambiar información con eses profesionais. Previamente solicitarase a autorización escrita dos pais.

A coordinación e contactos por parte do centro levaranse a cabo por parte do profesor-titor e/ou a orientadora.

